



## ACTA Nº 9/2006 DA COMISIÓN DE PERSOAL

### ASISTENTES:

**Vicepresidente en funcións de Presidente:** D. José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

### Pola Administración:

Presidencia: D. Gumersindo Guinarte Cabada.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: D. Antonio Losada Trabada e D. Ramón del Valle López.

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Dª Beatriz Rodríguez Fraga, e D. José Manuel Maceira Caldelas.

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: Dª Mª Chas de La Calle.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: D. Benito Fernández Rodríguez, José Luís Canosa Baldomir e Dª Marina García Valeiras.

Consellería de Innovación e Industria: D. Emilio Nogueira Moure.

Consellería de Cultura e Deporte: D. Carlos Amoedo Souto e D. Miguel Ares Casal.

Consellería de Sanidade: D. Antonio J. Fernández Paniagua.

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: D. Miguel Angel López Sieiro.

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Dª. Lourdes Batán Aira.

Consellería de Traballo: D. José Vázquez Portomeñe, Dª Mª del Carmen Calviño Rodríguez.

### Polas organizacións sindicais:

CIG: D. Luís A. Vázquez Estévez, Dª Araceli Gallego Blanco e Dª Rosa Paz Seco.

CCOO: D. Pedro Méndez Gil.

UGT: D. Miguel Ángel Dono Gómez.

CSI-CSIF: D. Álvaro Fernández Baamonde e Dª Carmen Noya Castro.

**Secretario:** D. Carlos Carid Fernández

En Santiago de Compostela, sendo as 12:30 horas do día 7 de xullo de 2006, reúnese, en sesión ordinaria, no salón de actos nº 1 (grande) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

**Punto primeiro.** Lectura e aprobación, se procede, da acta nº 8/2006, correspondente á sesión anterior.

**Punto segundo.** Proposta de modificación da RPT da Presidencia da Xunta de Galicia.

**Punto terceiro.** Proposta de modificación da RPT da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**Punto cuarto.** Proposta de modificación da RPT da Consellería de Cultura e Deporte.



**Punto quinto. Proposta de modificación da RPT do Servizo Galego de Saúde ( SERGAS).**  
**Punto sexto. Proposta de modificación da RPT da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.**

Ao inicio da reunión, entrégase aos presente unha copia da Proposta efectuada pola Consellería de Cultura e Deporte que se engade como **anexo I** desta acta.

**Punto primeiro. Lectura e aprobación, se procede, da acta 8/2006 correspondente á sesión anterior.**

Foi lida e aprobada a Acta 8/2006, coas seguintes observacións:

\* Formulada pola representación da organización Sindical UGT: no punto segundo, nas intervencións da súa representante na páxina 4, no primeiro parágrafo, onde di: *“que non se garante o posto en caso de..”*; debe dicir: *“non se garante o dereito preferente de escoller posto en caso de...”*

\* A representación da organización sindical CSI-CSIF presenta o escrito de alegación que se engade como anexo II desta Acta

**Punto segundo. Proposta de modificación da RPT da Presidencia da Xunta de Galicia.**

\* Intervén o Secretario Xeral da Presidencia quen sinala que se trata dunha revisión parcial da relación de postos de traballo (RPT) vixente na actualidade, que resulta moi complexa na súa análise. En canto se aprobe a totalidade da RPT da Presidencia, incluíranse as modificacións que veñen dadas pola necesidade de cubrir, con carácter definitivo, os postos de provisión polo sistema de libre designación. Na modificación, resérvanse algúns postos a persoal funcionario de Administración Xeral que anteriormente estaban abertos a persoal docente ou da administración especial.


Agradece ás organizacións sindicais a súa colaboración para mellorar a RPT.

\* O representante da organización sindical CIG manifesta que votarán contra a proposta por razón de que entenden que na RPT non debe superarse o cinco por cento (5 %) de postos abertos a persoal funcionario doutras administracións, e nesta supérase. Solicitan que se retire o requisito do diploma de directivo para ocupar algúns postos.

\* Intervén o representante da organización sindical CC.OO. para manifestar que o seu voto é a favor da proposta.

\* Intervén o representante da organización sindical UGT e sinala que o seu voto é a favor da proposta.

\* O representante da organización sindical CSI-CSIF manifesta que se tiveron en conta as súas alegacións. Agradece a colaboración da Administración e indica que o seu voto é favorable.





A proposta de modificación da RPT foi aprobada co voto a favor das organizacións sindicais, CC.OO., UGT e CSI-CSIF, e en contra da CIG.

### **Punto terceiro. Proposta de modificación da RPT da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.**


- \* O Secretario Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sinala que na proposta, que deriva das modificacións da estrutura, realízase un esforzo para limitar o ámbito educativo dos postos que, con carácter xeral, se reservan á persoal funcionario da administración xeral. Na Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia créanse novos postos.
- \* A representación da organización sindical CIG manifesta que o seu voto é favorable á proposta e reitera a súa solicitude de que se retire o requisito da esixencia do diploma de directivo e que non se reserven postos a persoal docente.
- \* A representación da organización sindical CC.OO. recoñece o esforzo realizado pola Consellería, manifestando o seu desacordo coa esixencia do diploma de directivo e a forma de provisión polo sistema de libre designación. Na votación sobre a proposta absteranse.
- \* A representación da organización sindical UGT agradece o esforzo realizado pola Consellería, se ben entende que debeu crear máis postos. Votarán a favor.
- \* A representación da organización sindical CSI-CSIF manifesta o seu acordo coa proposta realizada, aínda que non admiten que un posto de traballo, de nivel 26, se provea polo sistema de libre designación.
- \* Intervén novamente o secretario xeral da Consellería para informar que se crearán máis postos de traballo na RPT.

A proposta foi aprobada co voto a favor das organizacións sindicais CIG, UGT e CSI-CSIF e a abstención de CC.OO.

### **Punto cuarto. Proposta de modificación da RPT da Consellería de Cultura e Deporte.**

- \* O secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte, insiste en defende-la capacidade da consellería para clasificar os postos da súa RPT para os que debe esixirse o diploma de directivo. Informa que un posto de xefe/a do Servizo do Libro e Bibliotecas se abre a persoal de administración e servizos da universidade.

Con respecto ás alegacións realizadas polas organizacións sindicais non son aceptadas por razón de que a Consellería non dispón de créditos suficiente para as subidas do nivel do complemento de destino.





\* A representación da organización sindical CIG solicita que a proposta se retire da orde do día e se trate novamente nunha Mesa de Negociación, tendo en conta a proposta que neste intre fai a Consellería.

Como anexo ás anteriores alegacións presentan o escrito que se engade como **anexo III** desta acta, relativo á falla de persoal na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, expoñendo o seu contido.

O seu voto é contrario á proposta.

\* Intervén o Presidente referíndose a que non procede a retirada da proposta da orde do día da reunión.

\* A representación da organización sindical CC.OO. manifesta que votarán contra a proposta por razón de que non se tiveron en conta ningunha das alegacións que realizaron.

\* A representación da organización sindical UGT remítese ás alegacións que formularon na reunión da Mesa Xeral de Negociación, polo que, ao non acepta-las, votarán en contra.

\* A representación da organización sindical CSI-CSIF pronúnciase no mesmo sentido que a UGT.

A proposta foi aprobada co voto en contra de CIG, CC.OO., UGT e de CSI-CSIF.

#### **Punto quinto. Proposta de modificación da RPT do Servizo Galego de Saúde ( SERGAS).**

\* Intervén o Director da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do SERGAS que, en relación coa proposta, remítese ao sinalado na Mesa Xeral de Negociación.

\* A representación da organización sindical CIG manifesta o seu desacordo con que ao posto de Xefe/a de sección da asesoría xurídica se lle esixa o requisito da posesión do título de licenciado/a en Dereito. O seu voto é contrario á proposta.

\* O director da División do SERGAS manifesta que está xustificada a esixencia do título para ocupar o posto tendo en conta as funcións que se lle encomendan.

\* A organización sindical CC.OO. entende que se esixa o título de licenciado/a para o desempeño do posto; pero limita a súa provisión a persoal funcionario do grupo A. Por esta razón e pola supresión dos dous postos base grupo E da Dirección Provincial da Coruña, votarán contra a proposta.

\* A representación da organización sindical UGT reitera as alegacións formuladas na Mesa Xeral e manifesta o seu voto en contra.

4



\* A representación da organización sindical CSI-CSIF sinala o seu desacordo coa supresión de postos de funcionarios/as do corpo subalterno e coa esixencia do requisito do título de licenciado/a en Dereito para ocupala xefatura de sección, polo que o seu voto é contrario á proposta.

A proposta foi aprobada co voto en contra de CIG, CC.OO., UGT e de CSI-CSIF.

**Punto sexto. Proposta de modificación da RPT da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.**

\* Intervén a Subdirectora Xeral de Recursos Humanos e Coordinación Administrativa da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible que escusa a ausencia do Secretario Xeral por motivo dunha viaxe. Con respecto á proposta remítese ao exposto na reunión da Mesa Xeral.

\* A organización sindical CIG indica que por razón da esixencia do requisito do diploma de directivo, así como por outros aspectos, votarán contra a proposta.

\* A representación da organización sindical CC.OO. manifesta que non entenden que un posto se abra a persoal funcionario de administración xeral por razón de que non existen funcionarios/as de administración especial que o ocupen. Na votación sobre a proposta absteranse.

\* Nas súas intervencións, as representacións das organizacións sindicais UGT e CSI-CSIF, manifestan que se absterán na votación sobre a proposta

A proposta foi aprobada coa abstención de CC.OO., UGT e de CSI-CSIF e voto en contra de CIG.

E non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as trece horas e dez minutos (13:10) hora do día da data.


Vº e prace,

Dou fe


**O VICEPRESIDENTE EN FUNCIONS  
DE PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**

José Rodríguez González



Carlos Carid Fernández



Na proposta de RPT desta consellería o posto de xefe de servizo do Libro e Bibliotecas, código CU.C03.00.001.15770.019 figura, no apartado de formación específica, coas claves 956 (facultativo sección bibliotecas. Requisito imprescindible) e 957 (axudante sección biblioteca. Requisito imprescindible), e no apartado descrición doutras administracións figura coa clave A20(1) (Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado, CCAA e persoal funcionario de administración e servizos da universidade).

Na Mesa Xeral de negociación propúxose que no apartado de formación específica se engadise unha clave para incluír aos facultativos e axudantes de bibliotecas das universidades, polo que solicitamos a modificación da proposta da RPT desta consellería para a Comisión de Persoal.

Así mesmo, seguese a propoñer a retirada, no apartado de formación específica, do código 523 (diploma de directivo) nas prazas onde figure.

Santiago de Compostela, 05 de xullo de 2006.

O secretario xeral

Carlos Amoedo Souto

Dirección da Función Pública  
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA.

## ALEGACIONES DE CSI-CSIF á Acta 8/2006 da COMISIÓN DE PERSOAL DO DIA 23 DE XUÑO DE 2006.

1. Na páxina 4, onde se recolle a intervención de CSI-CSIF, debería de recollerse a maiores outras cuestións tamén plantexadas.:

*-Non se establece un procedemento de xubilación anticipada incentivada para os empregados públicos que non a teñen.*

*-Non se establece ningunha mellora no tocante a retribucións e á inclusión das mensualidades completas nas pagas extras.*

*-A incorporación de novo da Disposición Transitoria quinta, deixa unha vez máis a colectivos de similares características fora, algo contra o que xa nos manifestamos ó longo da negociación.*

*-Non se establece ningunha medida de castigo á Administración polas contratacións irregulares, e a lei non garantiza que non se sigan facendo, e séguese castigando ós traballadores*

2. Na intervención de CSI-CSIF cando se fala dos postos LD, en ningún caso dixemos que esperabamos que a Administración modificara as RPTs, senón que nos preguntabamos si a Administración revisaría tódalas LD que ten convocadas para postos por debaixo do 28 e mesmo do nivel 16, unha vez aprobada esta reforma. Neste senso, solicitamos se engada a seguinte aclaración:

*-Mantense o sistema de designación dos LD, impedindo o desenvolvemento da carreira profesional, o manter a discrecionalidade e a práctica constante de facer nomeamentos co niveis inferiores ós das Subdireccións. Neste senso, a cuestión non é xa reducir, algo que non parece conducir a práctica habitual da Administración, que a pesares de estar dicindo que se van a reducir, estanse a convocar continuamente postos LD por debaixo do nivel 28, chegando ata o 16; e non está claro qué vai facer a Administración con todos eles unha vez aprobada esta reforma. ¿Revisará todas estas LD?*

Santiago, 7 de Xullo de 2006.  
Area Autónomaica de Acción Sindical  
CSI-CSIF GALICIA

**ANEXO II DA ACTA 8/2006  
DA COMISIÓN DE PERSOAL**  
O Secretario



## ALEGACIONES AS RPTs DA CONSELLERÍA DE CULTURA , ANEXO AS PRESENTADAS NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

1º.- Sentimos que as alegación que se presentaron non foran sido en conta, creemos concienzudamente, que os traballadores/as se merecen un trato distinto o que se está sometendo. Serva como exemplo, a disposición que existe por parte desta central e dos traballadores/as de que os servicios públicos estén o servicio do administrado/a o maior tempo posible e nas mellores condicións, así pois abrense tódolos postos de traballo dos grupos V-10E, V-03, IV-35 a turnos de mañá ou tarde.

A administración, debe de mostrar interés da súa parte compensando estes servicios e non obviando o esforzo dos traballadores.

2º.- Xa presentamos no seu momento, na Mesa Xeral de negociación unha alegación, y fixemos unha intervención contundente, na que estamos en contra totalmente da eliminación das 4 xefaturas de seccións, para crear co remanente económico, 4 xefaturas de servicio. Entendemos que Cultura pretende a docilidade dos funcionarios: para esto si que existe poder de maniobra.

3º.- A ausencia cáseque absoluta dun staff administrativo de apoio que desenvolva as tarefas propiamente administrativas (v. g. tramitación, rexistro, saída de correspondencia, traslado de documentación, etc.) é incompatible coa carga de traballo doadamente demostrable da Consellería de Cultura e Deporte e especialmente coa actividade dunha Dirección Xeral de Patrimonio Cultural amplamente dotada de competencias. A resolución de expedientes sancionadores no eido da S. X. de Protección do Patrimonio Cultural supón unha carga de traballo que non se pode asumir con catro pt de auxiliares administrativos e un posto base Grupo C como dotación global para a Dirección e as tres Subdireccións. Todo isto implica que de facto o persoal incluso de corpos especiais teña que desempeñar todo tipo de funcións que legalmente non lle competen.

Unha boa organización xerárquica e distribución de competencias administrativas conleva que a RPT debe reflectir as necesidades de funcionamento dos órganos administrativos e cadaquén debe desempeñar as funcións que legalmente lle competen segundo a Lei de Función Pública de Galicia. Non é admisible v. g. que a un pt do Grupo C se lle atribúan funcións de Grupo D e así sucesivamente.

As necesidades dos servizos demandan a dotación orzamentaria de **seis novos ppts de auxiliares administrativos** como mínimo no eido da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola inxente carga de traballo que supoñen as tarefas sancionadoras e de rexistro e arquivo. Por outra banda, é evidente que as funcións sancionadoras conlevan un beneficio económico para as arcas de Facenda.

A presente proposta non achega nada para a mellora real dos servizos da Consellaría.

